

## Grao en Química

### Memoria do Traballo de Fin de Grao

**Reaccións Aza-Baylis-Hillman e de anulación de  
alenoatos con N-tosiliminocromanos**

**Reacciones Aza-Baylis-Hillman y de anulación de  
alenoatos con N-tosiliminocromanos**

**Aza-Baylis-Hillman and annulation reactions of  
allenoates with N-tosyliminochromans**



**Darío Otero Blanco**

**Curso: 2019- 2020. Convocatoria: Xullo**

*Director 1:* Teresa M. V. D. Pinho e Melo

*Director 2:* Marcos Daniel García Romero

## Índice

Resumo .....	2
Resumen .....	2
Abstract.....	3
1. Introducción .....	4
2. Reactividade dos alenos.....	7
3. Reacción de cicloadición [3+2] formal de alenos con iminas.....	8
4. Métodos de síntese de alenos.....	9
4.1. Isomerización de alquinos.....	9
4.2. Eliminación de $\beta$ -Hidruro de triflatos enólicos .....	11
4.3. Funcionalización enantioselectiva de alenos racémicos.....	12
4.4. Acoplamento de compostos diazo .....	15
5. Cicloadición con alenos.....	15
5.1. Reacción de Diels-Alder .....	15
5.2. Cicloadición [4+1] e [4+3] catalizada por paladio .....	16
5.3. Cicloadición [2+2] de alenos e alquinos.....	17
5.4. Ciclacóns de sulfonas bis(alénicas) .....	18
6. Métodos computacionais .....	19
6.1. Non empíricos.....	20
6.2. Semi-empíricos .....	21
6.3. Empíricos ou mecánica molecular .....	22
7. Resultados e discusión.....	24
8. Conclusións .....	33
Conclusiones.....	33
Conclusions.....	34
Bibliografía.....	35

## Resumo

O presente traballo tiña como obxectivo o estudo da reacción de cicloadición [3+2] formal de ésteres alénicos (alenoatos) con iminocromanos nas súas vertentes experimental e teórica. Sen embargo, debido á pandemia provocada polo COVID-19 non foi posible realizar a parte experimental deste proxecto. Tamén foi feita unha compilación de diferentes métodos de síntese de alenos e reaccións de cicloadición envolvendo estas estruturas. Abordarase a importancia de estruturas bioloxicamente activas como espirociclos e sistemas que conteñen aneis cromano. Foi realizado un estudo a nivel computacional da reacción de cicloadición [3+2] formal do buta-2,3-dienoato de bencilo coa N-(croman-4-ilideno)benzenosulfonamida, onde se pretende ver cal é a estrutura do produto final. De maneira xeral, serán vistas as diferenzas entre os distintos métodos computacionais usados en química e a súa importancia no estudo de compostos químicos máis complexos.

## Resumen

El presente trabajo tenía como objetivo el estudio de la reacción de cicloadición [3+2] formal de ésteres alénicos (alenoatos) con iminocromanos en sus vertientes experimental y teórica. Sin embargo, debido a la pandemia provocada por el COVID-19 no fue posible realizar la parte experimental de este proyecto. También fue hecha una compilación de diferentes métodos de síntesis de alenos y reacciones de cicloadición envolvendo estas estructuras. Se abordará la importancia de estructuras biológicamente activas como espirociclos y sistemas que contienen anillos cromano. Fue realizado un estudio a nivel computacional de la reacción de cicloadición [3+2] formal del buta-2,3-dienoato de bencilo con la N-(croman-4-ilideno)benzenosulfonamida, donde se pretende ver cuál es la estructura del producto final. De manera general, serán vistas las diferencias entre los distintos métodos computacionales usados en química y su importancia en el estudio de compuestos químicos más complejos.

## Abstract

This job had the objective the study of the formal [3+2] cycloaddition reaction of allenoates with iminochromenes, experimentally and theoretically. However, due to the COVID-19 pandemic it couldn't realize the experimental part of this project. It was also made a compilation of different allenes synthesis methods and cycloaddition reactions involving this structure. It will be studied the importance of biologically active structures like spirocyclic and chromane ring systems. It was accomplished a computational study of the formal [3+2] cycloaddition reaction of benzyl buta-2,3-dienoate with the N-(chroman-4-ylidene)benzenesulfonamide, with the objective of elucidate the structure of the final product. It will be seen generally the differences between the different computational methods in chemistry and their importance in the study of more complex chemical compounds.


**Palabras chave:** aleno, cicloadición, cromanos e química computacional.

**Palabras clave:** aleno, cicloadición, cromanos y química computacional.

**Key words:** allene, cycloaddition, chromane and computational chemistry.

## 1. Introdución


O deseño de novos compostos con propiedades biolóxicas é un dos principais obxectivos na investigación de novos fármacos. Particularmente relevantes son os que teñen aplicación en enfermidades infecciosas e tamén no cancro (Afifi, et al. 2017). O cromano (ou benzopirano) é un bloque de construción encontrado frecuentemente en moitos compostos, tanto naturais coma sintéticos, con innumerables actividades biolóxicas (Patil, et al. 2013, Costa, et al. 2016, Pratap e Ram 2014) e propiedades fotocromáticas (Paramonov, Lokshin e Fedorova 2011, Helmy e de Alaniz 2015). Na **Figura 1** poden verse exemplos de fármacos utilizados para combater diferentes enfermidades.



**Figura 1.** Exemplos de fármacos usados contra o cancro (A), como anti-inflamatório e antioxidante (B) e contra o Alzheimer (C) (Costa, et al. 2016).

No caso concreto do cancro, os aneis de tipo cromano foron identificados como axentes anti-tumorais, sendo demostrada unha forte citotoxicidade contra células cancerixenas humanas por diversos métodos como: despolimerización de microtúbulos, detención da fase G2/M do ciclo celular e morte celular por apoptose dependente da captasa (grupo de proteasas baseadas na cisteína) (Patil, et al. 2013).

O traballo desenvolvido no grupo de investigación de Química Orgánica envolvendo o estudo da reacción de cicloadición [3+2] formal de alenoatos con nitrocromenos catalizada por fosfinas permitiu a obtención dunha gama alargada de derivados de ciclopenta[*c*]cromenos (Esquema 1) (Soares, et al. 2019). O actual proxecto ten como obxectivo o estudo da reacción de cicloadición [3+2] formal de alenoatos con outros dipolarófilos derivados de cromanos, os iminocromanos, na presenza de fosfinas, con vista á obtención de estruturas espirocíclicas.



**Esquema 1.** Síntese de ciclopenta[*c*]cromenos vía reacción de cicloadición [3+2] formal de alenoatos con nitrocromenos.

Os alenos son moléculas orgánicas que teñen dous enlaces dobres C=C consecutivos contendo dous orbitais  $\pi$  perpendiculares entre si. Son bloques de construción versátiles en síntese orgánica, podendo reaccionar con nucleófilos, electrófilos, radicais e tamén poden participar en reaccións de ciclación e cicloadición. Poden actuar como dipolarófilos ou como dipolos. Estas características fan que este tipo de moléculas séa, desde fai moito tempo, un dos intereses do grupo de investigación de Química Orgánica da Universidade de Coimbra.

O método de cicloadición [3+2] formal de alenos con alquenos ou iminas catalizado por fosfinas é unha estratexia moi eficiente para a formación de carbociclos e heterociclos de cinco membros, respectivamente (Cardoso e Soares 2019). Cando se utiliza DABCO como catalizador, en vez dunha fosfina, a reacción observada é unha cicloadición [2+2] ou unha reacción de aza-Baylis-Hilman. (Santos, et al. 2010). A primeira dá lugar á formación dun anel de catro membros, mentres que a segunda conduce á obtención de cromanos funcionalizados con alenos.

A reactividade abordada neste proxecto ten como obxectivo a formación dun composto espirocíclico, neste caso un espiro-cromano, constituído por dous aneis unidos unicamente por un átomo de carbono (carbono espirocíclico). Os compostos espirocíclicos posúen un bo equilibrio entre rixidez e flexibilidade conformacional. Isto permite a ese tipo de moléculas non ter problemas de absorción e permeabilidade, típicos das conformacións máis flexíbeis. (Chupakhin, et al. 2019). No ámbito da química medicinal as estruturas espirocíclicas teñen un papel importante na investigación e desenvolvemento de novos fármacos. Para alén da maior facilidade de absorción anteriormente referida, a súa estrutura tridimensional ríxida permite, en moitos casos,

maior selectividade para os obxectivos moleculares relevantes. Tamén son importantes para modular outras propiedades importantes dos fármacos, tais como a solubilidade en auga, o log P ou a estabilidade metabólica. En relación á solubilidade en auga, a presenza do carbono  $sp^3$  do espirociclos fai que se agarde que a solubilidade séa maior que, como no exemplo anterior, unha molécula semellante formada por aneis aromáticos planos (Zheng e Tice 2016).

Para obter unha visión mais completa da reactividade que se vai estudar recórrase á química computacional para investigar o comportamento dos sistemas a nivel molecular. A aplicación dos métodos de modelización computacional permite investigar diferentes propiedades e comportamentos moleculares como poden ser (Suárez 2012):


- Xeometría molecular: non só distancias e ángulos de enlace, tamén é posíbel caracterizar a forma e as dimensións de todo tipo de moléculas e macromoléculas, facéndoo, ademais, para conxuntos de confórmeros representativos.
- A enerxía de todos os tipos de especies químicas, incluíndo intermediarios, estados de transición, estados excitados, etc. É posíbel, ademais, estimar distintos tipos de propiedades termodinámicas, tanto en fase gasosa coma en fases condensadas.
- A reactividade química. Pode ser cuantificada en forma de índices de reactividade con axuda da química computacional. Tamén é capaz de determinar a xeometría e estabilidade relativa dos intermediarios e estados de transición da reacción, o que quere dicir, caracterizar o mecanismo da reacción. Ademais, a química computacional dispón de ferramentas para o cálculo de todo tipo de parámetros cinéticos como constantes de velocidade, efectos cinéticos isotópicos, seccións eficaces de reacción, factores de efecto de túnel, etc.
- Propiedades espectroscópicas, mais tamén de todo tipo de propiedades eléctricas e magnéticas de moléculas individuais. A química computacional predí de rutina os espectros IR, UV e RMN, sendo en moitos casos unha ferramenta indispensable para a correcta interpretación/atribución dos datos experimentais.

- Propiedades físicas das fases condensadas e materiais. A descrición correcta das interaccións intermoleculares é posíbel afrontala con éxito con axuda de varios métodos.

## 2. Reactividade dos alenos

Inicialmente, os alenos eran compostos que se consideraban moi inestábeis, por iso eran vistos máis como unha curiosidade química. En 1875 Van't Hoff elucidou a estrutura química dos alenos, non obstante, debido á súa suposta inestabilidade non foron considerados compostos de interese. (Van't Hoff 1875). Non foi até 1954 (Jones, Mansfield e Whiting) cando se estudou a súa estrutura e confirmou a súa estabilidade. Actualmente son coñecidos preto de 150 produtos naturais que conteñen alenos na súa estrutura, o que fai que xa non se poidan considerar simplemente unha curiosidade (Hoffmann-Röder e Krause 2004, INDILI 2016).

Debido á súa estrutura de dous orbitais  $\pi$  consecutivos e perpendiculares entre si, se estes fosen asimetricamente substituídos, os alenos presentan isomería óptica (Figura 2), o que fai que sexan estruturas moi útiles na síntese de compostos orgánicos. Os tipos de reaccións nas que poden participar son moi variadas: reaccións radicalares, adicións nucleofílicas, hidrometilacións, etc. A súa natureza fai que poidan actuar como dipolo ou dipolarófilo, polo que participan en innúmeras reaccións de cicloadición, concretamente na reacción que vai ser estudada neste traballo, a reacción de cicloadición [3+2].




**Figura 2.** Sistema  $\pi$  de un aleno e representación do par de enantiómeros derivado da substitución asimétrica de A e B.




### 3. Reacción de cicloadición [3+2] formal de alenos con iminas

En 1997, Xu e Lu (Xu e Lu 1997) describiron a primeira reacción de cicloadición 1,3-dipolar entre alenos e iminas catalizada por trifenilfosfina. Esta reacción de cicloadición [3+2] formal conduciu á formación de aneis de cinco membros a partir de alenoatos e iminas tosilada (Esquema 2). O mecanismo proposto por Xu e Lu está ilustrado no Esquema 3. Nese momento abriuse unha porta para a síntese de heterociclos de nitróxeno, particularmente eficiente se a imina está enlazada a un grupo aromático. Anteriormente (Zhang e Lu 1995) xa tiñan investigado outras reaccións de cicloadición [3+2] de alenos con dipolarófilos de carbono, alquenos e alquinos, catalizada por fosfinas, o que se lle chamaría “reacción de Lu.” O resultado nestes casos tamén é un anel de cinco membros, neste caso constituído por cinco átomos de carbono, polo que a reacción tamén é coñecida por “cicloadición [3+2] de Lu” (Wei e Shi 2017)



**Esquema 2.** Reacción de cicloadición 1,3-dipolar entre un alenoato e iminas tosiladas (Xu e Lu 1997).

Dende o descubrimento, foron moitos os grupos de investigación que tentaron desenvolver esta reacción. En 2005 (Zhu, Henry e Kwon, Zhao e Shi) usaron a cicloadición [3+2] de Lu para sintetizar derivados da pirrolidina. Os rendementos obtidos para esta reacción eran moi altos, mais iso só acontecía cando a imina era unha aril imina, porque as alquil iminas descompóñense rapidamente por hidrólise. Non foi até 2011 (Sampath, Lee e Loh) cando se conseguiu formar dihidropirrois con rendementos satisfactorios. Partiron de un alquinoato, que isomeriza rapidamente a un alenoato en presenza dunha fosfina, como substrato da reacción (Wei e Shi 2017).




**Esquema 3.** Mecanismo proposto para a reacción de cicloadición 1,3-dipolar entre un alenoato e iminas tosiladas (Xu e Lu 1997).

## 4. Métodos de síntese de alenos

### 4.1. Isomerización de alquinos

A isomerización de alquinos en medio básico é dende fai moito tempo un método directo de obtención de alenos. En 2000 (Oku, et al.) foi reportado un catalizador de transferencia de fase quiral que promovía esta isomerización, co inconveniente de que a enantioselectividade dos alenos obtidos era baixa. Máis tarde, Tan et al. (2009) descubriron unha reacción de isomerización catalizada por unha base de Brønsted, obtendo alenoatos quirais cun exceso enantiomérico do 79-95% (Esquema 4). A grande desvantaxe deste proceso é que os alenos obtidos eran inseparábeis dos alquinos que quedaban sen reaccionar (Chu, Zhang e Wang 2017).




**Esquema 4.** Isomerización dun alquino catalizado por unha base de Brønsted (Chu, Zhang e Wang 2017).

Dous anos despois, Inokunha et al. (2011) describiron a isomerización altamente enantioselectiva de alquinoatos a alenoatos (Esquema 5). Para solucionar o problema de separar os alquinos que non reaccionaron dos alenos formados, desenvolveron unha isomerización e cicloadición en fervenza para producir compostos quirais máis avanzados sen unha perda significativa de enantioselectividade (Chu, Zhang e Wang 2017).



**Esquema 5.** Isomerización enantioselectiva de alquinoatos a alenoatos en presenza de un catalizador (CAT) (Chu, Zhang e Wang 2017)

Un caso concreto é a síntese de sulfonas alénicas, que son moi útiles en reaccións de cicloadición. O primeiro en reportar isto foi Stirling (1964), que observou que dous alquinos diferentes isomerizaban lixeiramente para un aleno en medio básico (Esquema 6). Esta reacción permite a síntese directa de sulfonas alénicas a partir de haloxenatos de proparxílicos oxidados a sulfonas (Yadav e Menon 2020).




**Esquema 6.** Isomerización en medio básico de dous alquinos para unha sulfona alénica (Tata, Hampton e Harmata 2017)

## 4.2. Eliminación de $\beta$ -Hidruro de triflatos enólicos

A eliminación de  $\beta$ -hidruro dun alquilo metálico ou un complexo alcóxido é unha reacción elemental en catálise que é aproveitada na industria en transformacións como polimerización de alquenos, acoplamentos Mizoroki-Heck ou o proceso de Wacker entre outros. Os formatos e carboxilatos metálicos tamén sofren este tipo de eliminación para producir  $\text{CO}_2$  e hidruros metálicos (Rekhroukh, et al. 2016).


Pivsa-Art *et al.* (1997) reportaron que se podía sintetizar alenos a partir de reaccións de acoplamento, catalizadas por Pd, de dialquilacetilenos e bromuros de arilo por un proceso de eliminación de  $\beta$ -hidruro dun intermediario de vinil paladio a altas temperaturas (Esquema 7). Máis recentemente, Crouch *et al.* (2013) conseguiron desenvolver unha eliminación asimétrica catalizada por Pd para a síntese de alenoatos quirais. Ao contrario que a anterior reacción mencionada (Pivsa-Art, et al. 1997) esta pode ser realizada a temperatura ambiente, o que permite evitar a racemización *in situ* aleno quiral deficiente en electróns (Ye e Ma 2014).



**Esquema 7.** Formación de un aleno arílico a por  $\beta$ -H eliminación catalizada por paládio (Pivsa-Art, et al. 1997).


### 4.3. Funcionalización enantioselectiva de alenos racémicos

Este método é unha boa aproximación para sintetizar alenos con exceso enantiomérico. En 2005 (Imada, et al. 2005) foi reportada a aminación e imidación asimétrica, catalizada por Pd, de 2,3-alenil fosfatos con nucleófilos de nitróxeno para obter derivados da 2,3-alenilamina con un exceso enantiomérico do 76-97% (Esquema 8). Para obter os maiores niveis de enantioselectividade xeralmente é requirido un substituínte volumoso no aleno ( $R^1$ ) (Chu, Zhang e Wang 2017).




**Esquema 8.** Formación dun derivado da 2,3-alenilamina asimétrica catalizada por Pd (Imada, et al. 2005).

En 2013 (Wan e Ma), foi desenvolvida unha aminación asimétrica catalizada por Pd  $\pi$ -alílico de *N*-tosilcarbamatos para obter aminas alénicas con un exceso enantiomérico do 91-97% (Esquema 9). Coma no caso anterior (Imada, et al. 2005) é preciso un substituínte volumoso na fracción alénica ( $R^1$ ) para obter enantioselectividades altas (Chu, Zhang e Wang 2017).




**Esquema 9.** Aminación asimétrica de *N*-tosilcarbamatos para obter aminas alénicas catalizada por Pd (Wan e Ma 2013).

O verdadeiro desafío é a obtención de alenos quirais tetra-substituídos. En 2013 Hassimoto *et al.* (Hashimoto, *et al.*), descubriron un catalizador de transferencia de fase para xerar alenos tetra-substituídos quirais (Esquema 10).




**Esquema 10.** Síntese dun aleno quiral tetrasubstituído catalizado por un catalizador (CAT) (Hashimoto, *et al.* 2013).

Máis tarde, Mbofana e Miller *et al.* (2014) desenvolveron unha catálise baseada en enlaces peptídicos para a adición diastereo- e enantioselectiva de ésteres alénicos a N-aciliminas (Esquema 11). Foron xerados alenos tetra-substituídos con un exceso enantiomérico do 43-88%. Os autores apuntan a que o mecanismo de reacción envolve unha catálise nucleófila análoga á dun mecanismo do tipo Morita-Baylis-Hillman, que xa foi mencionado mais arriba (Chu, Zhang e Wang 2017).



**Esquema 11.** Formación de alenos quirais tetra-substituídos en base a enlaces peptídicos (Mbofana e Miller 2014).


En 2016 (Fenge et al.) foi reportada a adición aldólica diastereo- e enantioselectiva de ésteres alénicos e isatinas para xerar carbinol-alenoatos tri e tetra-substituídos quirais, cun exceso enantiomérico do 34-92% (Esquema 12). Esta reacción ten como limitación a baixa enantioselectividade dos produtos obtidos (Chu, Zhang e Wang 2017).



**Esquema 12.** Reacción de adición aldólica de ésteres alénicos e isatinas para formar carbinol-alenoatos quirais, catalizados por **A** (Chu, Zhang e Wang 2017).

## 4.4. Acoplamento de compostos diazo

O primeiro método directo de obter alenos substituídos a partir de *N*-tosilhidrazonas e alquinos, con CuI como catalizador (Esquema 13), foi reportado por Wang *et al.* (2011). Este método de acoplamento é moi útil para construír de maneira eficiente estruturas base de alenos a partir de dous compostos fáceis de obter. A pesares disto, era desexábel unha versión asimétrica desta reacción. Máis tarde Lui *et al.* (2015) reportaron a primeira síntese enantioselectiva de alenoatos por acoplamento catalítico asimétrico.



**Esquema 13.** Formación dun aleno a partires dun alquino terminal e un tosilato de imina (Xiao, *et al.* 2011).


## 5. Cicloadición con alenos

### 5.1. Reacción de Diels-Alder

A reacción de Diels-Alder pode ser levada a cabo cun aleno que actúa como dienófilo e pode ser un bo camiño de síntese de metilenociclohexanos, un bloque de construción moi útil na obtención de terpenoides (Hayakawa, Nishiyama e Kanematsu 1985). Os alenos desactivados son pouco reactivos na reacción de cicloadición [4+2], porén, se se encontran activados por un grupo sulfonilo, participan en reaccións de Diels-Alder en condicións suaves. Có uso de ultrasóns o rendemento destas reaccións pode aumentar considerabelmente (Raj, *et al.* 1998). Debido á natureza dual dos alenos, tamén poden actuar como dienos na reacción de Diels-Alder. No traballo de Conner e Brown (2016) conseguen unha cicloadición [2+2] catalizada por un ácido de Lewis onde o aleno actúa como un dieno. Os alenos cíclicos poden actuar como un dieno tamén en reaccións de Diels-Alder, e debido á tensión dos ángulos de enlace, son moi reactivos (Barber, *et*




al. 2018). No [Esquema 14](#) pode verse un exemplo de reacción de Diels-Alder onde se forma un anel de seis membros.



**Esquema 14.** Reacción de Diels-Alder de formación dun anel de seis membros (*Conner e Brown 2016*).

## 5.2. Cicloadición [4+1] e [4+3] catalizada por paladio


Son dúas reaccións descubertas por Li et al. (2019). Consisten na cicloadición de pirazolonas con intermediarios de butadienil paladio. É a primeira vez que se consegue que un compoñente alénico actúe como 1,4-biselectrófilo e aporta catro átomos na cicloadición. A primeira idea era só a de conseguir unha cicloadición asimétrica [4+1], mais unha modificación no catalizador deu lugar a unha cicloadición [4+3] sen precedentes até ese momento. As dúas reaccións permiten a obtención selectiva de diferentes produtos a partir de dous substratos iguais, apenas modificando os ligandos do catalizador. Unha cuestión de interese na cicloadición [4+1] é a formación de espirociclos, compostos de grande interese farmacolóxico como foi explicado na introdución. No [Esquema 15](#) pode verse a reacción de cicloadición [4+1] e [4+3] catalizada por Pd descuberta por Li *et al.* (2019). A pesares de ser unha reacción innovadora e sen apenas investigar, é unha maneira moi útil de sintetizar aneis de cinco e sete membros.



**Esquema 15.** Cicloadición [4+1] e [4+3] de un aleno pirazol catalizada por Pd, formando aneis de cinco e sete membros (*Li, Deng e Shao 2019*).


### 5.3. Cicloadición [2+2] de alenos e alquinos

Os derivados do ciclobutano e ciclobuteno son elementos estruturais importantes nos produtos naturais e bioloxicamente activos, así como intermediarios sintéticos versátiles debido á súa reactividade química provocada pola tensión do ciclo. As cicloadicións [2+2] son o camiño máis directo e atómicamente económico para obter ciclos de catro membros, onde o uso de alenos como reactivos insaturados recibiu unha gran atención. Usando alquinos como o outro reactivo insaturado, a cicloadición [2+2] ten como produto final un derivado do ciclobuteno ([Esquema 16a](#)), o que xa ten sido amplamente estudado en reaccións intramoleculares baixo condicións tanto termais como de catálise metálica. No caso das cicloadicións [2+2] intermoleculares, sen embargo, os exemplos son máis escasos e limitados a aquelas que envolven alquinos ou alenos activados baixo condicións termais, como por exemplo o reportado por Tamaru et al. ([1997](#), [2003](#)), que requiría un gran exceso de alquino terminal ([Esquema 16b](#)) ([Ding e Yoshikai 2019](#)).



**Esquema 16.** Reacción de ciclación (a) e cicloadición [2+2] (b) de alquinos con alenos para obter derivados do ciclobuteno ([Ding e Yoshikai 2019](#)).


A cicloadición [2+2] intermolecular de alquinos e alenos catalizada por metais de transición era enganosa, até que Ding e Yoshikai (2019) reportaron unha reacción deste tipo usando un catalizador de Co/fosfina (Esquema 17). A reacción foi realizada con éxito tanto con alquinos non terminais como tamén alenos mono e di-substituídos, presentando unha alta rexioseletividade.



**Esquema 17.** Cicloadición [2+2] de alquinos e alenos catalizada por un complexo de Co/fosfina para obter derivados do ciclobuteno (Ding e Yoshikai 2019).

#### 5.4. Ciclacións de sulfonas bis(alénicas)

As sulfonas bis(alénicas) son estruturalmente interesantes porque sofren un variado número de reaccións complexas e inesperadas de ciclación, cicloadición e Claisen entre outras. Dúas vantaxes no uso do grupo sulfona como substituínte do aleno son activar o aleno por ser un grupo atractor de electróns (aumenta a reactividade) e tamén



**Esquema 18.** Reacción de cicloadición con formación de dous aneis a partir de unha sulfona bis(alénica).

pode ser facilmente removido por diversos métodos de desulfonación. As sulfonas bis(alénicas) teñen interese porque foi descuberto que presenta unha forte capacidade de quebrar as cadeas de ADN, o que fai que teña potencial como anticanceríxeno. Esta estrutura pódese conseguir por interconversión dun alquino como foi explicado mais arriba. Un exemplo deste tipo de reaccións é representada no [Esquema 18 \(Back, Clary e Gao 2010, Tata, Hampton e Harmata 2017\)](#).

## 6. Métodos computacionais

A química computacional serve para predicir, en principio, o comportamento de calquera composto químico. Non obstante, Dirac (1929) dixo que “A aplicación exacta das leis dá orixe a ecuacións moi complexas para seren resolvidas.” A complexidade das funcións de onda dun sistema cuántico crece exponencialmente co número de partículas, o que fai inviábel que os ordenadores poidan simular de maneira exacta os sistemas cuánticos de maneira eficiente. Décadas despois, Feynman (1982) suxeriu unha solución a este problema: para poder facer unha boa simulación da natureza o mellor é usar un equipamento cuántico. O desenvolvemento de ordenadores cuánticos levou trinta anos, polo que en breve poderase comprobar se a predición de Feynman foi acertada gracias aos novos avances.

A predición do estado de transición pode ser levada a cabo por métodos computacionais. Existen de tres tipos: empíricos, semi-empíricos e non empíricos. Escollerase un deles dependendo das necesidades. Na táboa do [Anexo I](#) aparecen representadas, resumidamente, as diferenzas a nivel xeral dos diferentes tipos de métodos.

## 6.1. Non empíricos

Son aqueles onde as expresións proveñen directamente dos principios teóricos. O custo computacional requirido é moi elevado, mais nos casos onde se require unha precisión maior é necesario recorrer a eles. Os mais usados son:

- *Ab initio*: neste método resolve-se de maneira aproximada a ecuación de Schrödinger para obter a enerxía e a función de onda electrónicas do sistema de interese. Ten ese nome porque non emprega ningunha información empírica que non seá a das constantes físicas fundamentais ( $h$ ,  $e$ , ...). Pártese do método variacional de Hartree-Fock (HF) de cálculo de orbitais moleculares (Suárez 2012). Este método de campo autoconsistente está baseado na aproximación de átomos de tipo hidróxeno (un só electrón) onde o movemento de cada electrón no campo efectivo de todos os outros electróns vén dado pola ecuación de Schrödinger para unha partícula (Gobato, Gobato, et al. 2019).

- *DFT*: foi desenvolvido inicialmente por Kohn e Hohenberg (1964) e posteriormente por Kohn e Sham (1965). O que diferencia principalmente o método de DFT dos métodos semi-empíricos e *ab initio* é que require unha magnitude observábel (a densidade electrónica) para determinar as propiedades para o estado fundamental de sistemas polieletrónicos, e non a función de onda polieletrónica.

A aproximación baseada en DFT inclúe as aproximacións de densidade local de spin e as de gradiente. Son usadas amplamente e con suceso para predicir, comprender e deseñar fenómenos físicos e químicos asociados a moléculas e materiais (Pederson e Baruah 2015).

Os métodos HF e DFT difiren na maneira como lidan coa interacción electrón-electrón. Porén, ambos teñen aproximacións en común, que son as seguintes (Cejka e van Bekkum 2005):

- Adoitan un Hamiltoniano non relativístico.
- É usada a aproximación de Born-Oppenheimer que separa os graos de liberdade dos núcleos e electróns.

- A función de onda monoelétrica é expresada como combinación linear de funcións de un conxunto de bases e úsase o principio variacional. Pode utilizarse o mesmo conxunto de bases para os métodos HF e DFT.
- O número de electróns considerado pode ser reducido trocando os electróns do core por un pseudo-potencial.

Neste traballo úsase o método B3LYP (Becke 1988, Becke 1993, Lee, Yang e Parr 1988), co conxunto de bases 6-31G\*\*. O primeiro número desta nomenclatura indica o número de primitivas que se utilizan na función do core (6). O número despois do guiño indica o número de primitivas usadas nas funcións de valencia. O primeiro asterisco quere dicir que se engaden un conxunto de funcións d para polarizar as funcións p e o segundo, implica as funcións p en H e He (Cramer e Bickelhaupt 2013).

## 6.2. Semi-empíricos

Están baseados no método variacional de Hartree-Fock, mais utilízanse parámetros empíricos e aproximacións (ou omisión) das interaccións electrónicas, que son as responsábeis da maior parte do custo computacional nos métodos non-empíricos. Úsanse amplamente en situacións onde o tamaño do composto a estudar fai o cálculo por DFT ou *ab initio* intratábel (por exemplo, unha molécula de mais de 200 átomos) (Patrascu, et al. 2019).

Os cálculos semi-empíricos son case tan rápidos coma os de mecánica molecular, sendo posíbel realizar cálculos en sistemas de millares de átomos. A súa fiabilidade é baixa, sobre todo cando son estudadas moléculas pouco representativas como, por exemplo, metais de transición e/ou cando se estudan propiedades que non se tiveron en conta na parametrización (Suárez 2012).

O método que se usa neste traballo é o Modelo Paramétrico 3 (PM3). Foi desenvolvido a partir do Modelo de Austin 1 (AM1), partindo da supresión da sobreposición diferencial atómica. A diferenza é que cada átomo ten limitadas dúas funcións gaussianas, a metade que no AM1. Esta optimización permite unha procura eficiente do parámetro espazo e o uso dunha maior cantidade de datos (Cramer e Bickelhaupt 2013).

### 6.3. Empíricos ou mecánica molecular

Os métodos de mecánica molecular están baseados nos seguintes principios (Gobato e Heidari 2018):

- Os núcleos e electróns están agrupados en partículas atómicas.
